

*Anuncio***BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada con data 11 de decembro de 2018 aprobáronse as bases para acreación dunha bolsa de emprego temporal para a categoría de auxiliar de biblioteca.

**Sistema selectivo:** Concurso - oposición

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das instancias.

**Taxas por dereitos de exame:** 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e napáxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 12 de decembro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 3584

*Anuncio***BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada con data 11 de decembro de 2018 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitor/a sociocultural e de turismo.

**Duración do contrato:** Desde a súa formalización ata o 31/12/2019.

**Horario:** A fixar polos órganos de gobernotendo en conta o horario de apertura da Oficina de Turismo.

**Sistema selectivo:** Concurso - oposición

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das instancias.

**Taxas por dereitos de exame:** 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e napáxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).

A Fonsagrada, 12 de decembro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 3585

**MONTERROSO***Anuncio*

En base ao especificado no artigo 101.2 da Lei orgánica do poder xudicial, 6/85 de 1 de xullo, ábrese un prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia, para que todas aquelas persoas que, áinda non sendo licenciados en dereito, reunindo as condicións legais e non estean incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade cos artigos 102, 303, 389 e 390 poidan solicitar a praza de xuíz de paz titular deste termo municipal.

Monterroso, 13 de decembro de 2018.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 3586